

Quen é quen no Rensexera Fest 2017



SEKONE (Galicia) estará pintando na rúa Avenida de Fisterra.

Artista multidisciplinar a cabalo entre o debuxo, a pintura, o deseño gráfico e o muralismo. A súa permanente curiosidade empúrroa a explorar diversos medios pictóricos, o que dá como resultado unha obsesión polo coidado do detalle e o perfeccionamento da técnica, saltando dun medio a outro e creando un discurso que bebe a partes iguais da nostalxia, o absurdo, o cotiá e a súa propia intimidade vital e creativa.

Participa en diversos festivais de arte urbana como o festival MUAU 2010 (A Coruña), Desordes Creativas 2013 e 2014 (Ordes) ou MulaCity 2014 (Getafe, Madrid) así como diversas exposicións individuais e colectivas. Como parte do extinto colectivo "Estudio Alavista" encargouse da decoración de diversas partes do edificio BCA28 na Coruña ou o Viaduto de San Pedro de Mezonzo con motivo do 800 aniversario da mesma cidade.

Máis info:

<http://monty4.com/sekone/>

<http://ssssekone.tumblr.com/>



YOSEBA MP (Galicia) estará pintando na rúa Vila de Negreira.

Joseba Muruzábal, alias Yoseba MP, afincado en Santiago de Compostela, é un dos máximos expoñentes da pintura contemporánea en Galiza. A súa obra caracterízase por un marcado estilo realista, e en ocasións unido ao surrealismo, onde mostra escenas cotiás, a través dunha pincelada moi suxestiva e de forte influencia fotográfica. Trae a Carballo a súa serie de murais chamada 'Fenómenos do rural' onde as nosas avoas se converten en superheroínas dotadas de poderes sobrehumanos, rendendo así homenaxe á muller como figura crucial na nosa sociedade.

Máis info:

<https://www.facebook.com/yoseba.mp>



CINTA VIDAL (Cataluña) estará pintando na rúa Vázquez Parga.

Cinta Vidal fórmase na Escola de Massana de Barcelona e a idade moi temperá comeza a traballar no Taller de Escenografía Castells. De aí a súa pincelada e o gusto polo detalle.

Representa unha inconexión co mundo que nos rodea, esta realidade paralela reflíctese suprimindo a dimensión gravitatoria. A súa obra é unha reflexión sobre a orde e desorde dos elementos, dos mundos e das ideas. Historias que conviven sen chegar a cruzarse.

Máis info:

<http://cintavidal.com>



SATURNO (Cataluña) estará pintando nunha das paredes do edificio do FORUM.

Nacido en 1979 na pequena cidade costeira de Malgrat de Mar (Barcelona). A súa infancia estivo rodeada de cintas VHS, centros recreativos e salas de cine, de feito preto da súa casa contemplaba os carteis que anunciaban as películas de estrea semanal, e é na súa infancia cando descubre esta fascinación polos xéneros de fantasía, terror e ciencia-ficción. O seu contacto co graffiti é totalmente autodidacta e comeza a pintar sendo moi novo, en 1994. O seu estilo único e recoñecible destaca pola súa técnica e o control da cor, que se nutre do graffiti, da ilustración tradicional e dixital. A día de hoxe é todo un referente da escena urbana europea.

Máis info:

<https://www.instagram.com/saturnoart/>

https://www.behance.net/saturno_ag



ANIMALITOLAND (Arxentina) estará pintando nun dos edificios da rúa Río Anllóns.

Animalitoland é o universo visual de Graciela Gonçalves Da Silva, artista arxentina de procedencia portuguesa e afincada actualmente en Madrid. Un mundo de máxicas criaturas que se alimentan de sentimentos e que adoptan múltiples formas e cores, convidándonos a saltar dentro da imaxe e escoitar como o noso eu oculto nos murmura unha pequena canción.



JORIT (Italia) estará pintando nun dos edificios da rúa Luís Calvo.

O obxectivo de Jorit é acercarse o máximo posible á realidade, e isto só é posible a través dun estudo exhaustivo e minucioso para posteriormente a través de moitas técnicas pictóricas facer unha reprodución escrupulosa e con todo luxo de detalles.

Jorit é coñecido por representar a faciana humana cun realismo sorprendente e de dotadas dunha maxestade similar a dun Tótem, coma unha deidade que precisa ser venerada, creando imaxes cheas de solemnidade e de grande impacto visual.

Máis info:

<https://www.facebook.com/joritagoch/>



CURIOT (México) estará pintando nun dos edificios da rúa Gardenias, ao lado do pazo da cultura.

Curiot chega dende Michoacán, é un dos artistas máis relevantes na escena da arte urbana actual en México. Por medio do seu colorido e o traballado detalle, móstranos un imaxinario cheo de culturas antigas que adoraban a deuses asociados a fenómenos naturais ou á divindade que representan. As súas personaxes transpórtannos a mundos imaxinarios e bucólicos, onde sempre está presente a problemática entre a natureza e o ser humano.

Máis info:

<https://www.facebook.com/El.Curiot/>

<http://1--11--1.com/publicspace/>



NADA / IRIA FAFIÁN (Galicia) estará pintandonun dos edificios da rúa Doutor Fleming.

Iria Fafián é ilustradora; Nada é muralista e hai pouco tamén apareceu Tirria. En realidade son diversas facetas da mesma persoa que dan lugar a resultados gráficos bastante diferentes. No campo da ilustración e do debuxo traballa desde un punto máis intimista, e no muralismo explora un mundo de personaxes bizarros e algo demoníacos, coma se fosen deidades ocultas na vexetación do inconsciente.

Iria bebe da ilustración e do graffiti cunha marcada personalidade que fai agromar personaxes e mundos oníricos.

Máis info:

<http://iriafavian.tumblr.com>



ISAAC CORDAL (Galicia) estará realizando unha instalación nun dos edificios da rúa Saúde.

Co simple acto da miniaturización e un emprazamento suxestivo, Isaac Cordal amplía maxicamente a imaxinación dos peóns que encontran as súas esculturas na rúa.

Eclipses de Cemento é unha definición crítica do noso comportamento como unha masa social. A través deste traballo pretende captar a atención sobre a relación desvalorizada coa natureza a través dunha mirada crítica aos efectos colaterais da nosa evolución. As figuras colócanse en lugares que abren rapidamente portas a outros mundos.

Máis info:

<http://cementeclipses.com>

<https://www.facebook.com/Isaac-Cordal-181802088555431/?pnref=lhc>

Master classes



Mañá comeza tamén a primeira das master classes, “Stencil aplicado ao mural” : Aprendizaxe da técnica do stencil”, que impartirá Andrea Michaelsson, alias BTOY, no Forum Carballo, nestes horarios: luns 29, de 17.00 a 19.00; e martes 30 e mércores 31, de 10.00 a 14.00, e de 16.00 a 20.30.

O estarcido ou “stencil” é unha técnica artística de repetición que, mediante un cartón ou acetato créase unha imaxe ou texto que é facilmente reproducible. Nesta clase maxistral os alumnos traballarán os seus stencils coa técnica manual de corte a partir da súa previa edición e proxección, para finalmente plasmala nunha parede de gran formato usando sprays para o seu pintado final.

Esta actividade está pensada e vai dirixida a un público obxectivo relacionado coas artes plásticas, que teña algún tipo de experiencia, formación ou relación coa arte.

Andrea Michaelsson, alias BTOY, é unha artista urbana de Barcelona, recoñecida internacionalmente polos seus traballos por medio da técnica do estarcido ou stencil dende 2002.

A súa obra ubícase sobre superficies irregulares, sumando refugallos de polución e anuncios, onde as portas e as fiestras tapiadas convírtense nos seus marcos idóneos. As súas personaxes detéñense e cravan en nós a súa mirada, facéndonos reflexionar sobre o paso do tempo. Retratos cunha forte carga nostálxica, son sacudidos con pinceladas cheas de forza e cor.

Ten feito intervencións en moitas cidades, entre elas destaca a súa participación en Cans Festival de Londres, comisariado por Banksy e Tristan Manco. Tamén ten intervido e exposto a súa obra nas rúas e galerías de Barcelona, Düsseldorf, México ou París, entre outras. Como docente impartiu cursos de stencils en Miscelanea, Escola Elisava, Creadors en Residència en colaboración con MNAC.

Máis info sobre BTOY:

<https://www.flickr.com/photos/btoy?ytcheck=1>

<https://www.instagram.com/btoyandrea/>